

estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 2 de agosto de 2018.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2270

Anuncio

O Pleno de este Concello, na súa sesión celebrada o día 2 de agosto de 2018, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En Burela, a 6 de agosto de 2018.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2271

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DOUS OFICIAIS PARA PARQUES E XARDÍNS , UN OFICIAL ELÉCTRICISTA E UN AXILIAR ADMINISTRATIVO NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada . Posteriormente pro resolución da alcaldía de data 31 de xullo do 2018 procedeuse á corrección de erros nas mesmas.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) Ou o correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com o a este Concello.

As bases coa corrección de erros practicada poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

En Monforte de Lemos, 2 de agosto de 2018.- O ALCALDE

R. 2272

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2018

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 31 de maio do 2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2018. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.